

DÍA DO PAI



BASES

Premios.-

Sorteo rifas	Un vale de 100 € para gastar nos establecementos participantes na campaña. Unha cea para 4 persoas nalgún dos restaurantes asociados á ARE.
Concurso redes sociais	Un vale de 100 € para gastar nos establecementos participantes na campaña.

Datas e forma de participación.-

Sorteo rifas	Os establecementos participantes entregarán, aos seus clientes, rifas polas compras realizadas entre os días 6 e 26 de marzo. As rifas deberán cumprimentarse e depositarse en calquera das urnas dispoñibles nos comercios. Cada establecemento decidirá o importe mínimo de compra para o reparto dos rascas. O sorteo realizarase o martes 31 na ARE e os gañadores daranse a coñecer ese mesmo día a través da web e das redes sociais.
Concurso redes sociais	Quen desexe participar deberá subir ao Facebook unha foto representativa do día do pai co hashtag #diadopairianxo entre os días 6 e 20 de marzo. Solo unha foto por persoa. Os usuarios de Facebook poderán votar ("góstame") pola mellor foto hasta o 26 de marzo ás 15:00 horas. O autor da foto que obteña máis "góstame" será o gañador. En caso de empate será a Xunta Directiva da ARE quen decida a foto gañadora.

Os vales de compra serán entregados en vales de 10 € ao nome da persoa gañadora e cunha listaxe dos establecementos asociados nos que poden gastalo premio. Nos vales incluírase a data de caducidade dos mesmos.

A persoa agraciada coa cea para 4 persoas tamén recibirá un vale co que poderá realizar a reserva no restaurante socio da ARE que desexe. No vale incluíranse as condicións da reserva e a caducidade do premio.

Aceptación das bases.-

A mera participación nesta campaña supón a aceptación plena destas bases, así como a autorización á entidade organizadora para a utilización dos datos identificativos facilitados polo propio participante, única e exclusivamente, para os fins propios da campaña. Esta autorización faise extensiva á imaxe do gañador para os efectos de publicidade do resultado da campaña. O incumprimento destas bases supón a privación dos dereitos que poidan derivar da participación nesta campaña.

A organización resérvase o dereito de modificar total ou parcialmente estas bases, así como de suspender a campaña e o sorteo sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.

Información sobre protección de datos.-

- Responsable do tratamento: Asociación Rianxeira de Empresarios
- Fin do tratamento: Xestión de participantes, asignación, comunicación e entrega do premio, difusión do resultado do sorteo e da imaxe do gañador a efectos promocionais.
- Procedencia: facilitados polo propio interesado.
- Lexitimación: consentimento do interesado.
- Comunicación dos datos: non se comunicaran datos a terceiros, salvo que exista obriga legal.
- Dereitos que asisten ao interesado: dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación e portabilidade dos seus datos. Tamén poderá retirar o seu consentimento en calquera momento sin que isto afecte á litude do tratamento previo. Así como presentar unha reclamación, se considera que tratamos os seus datos de maneira non axeitada ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- Datos de contacto para o exercicio dos dereitos: Asociación Rianxeira de Empresarios, Rúa Hospital, 14. 15920 Rianxo. info@are.gal